



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

ENTROIDO 2018



BASES DO CONCURSO DE DISFRACES 2018

Co obxecto de promover unha das festas tradicionais no noso Concello e recuperar unha das prácticas máis populares destas datas, o Concello de Santiso organiza un Concurso de Disfraces o domingo 11 de febreiro a partir das 17:00h no Pavillón Polideportivo de Arcediago. Para fomentar a participación convócase este concurso de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA: Para poder participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición e presentala no Rexistro do Concello, ata o día 9 de febreiro de 2018. A persoa que actúe como representante deberá acompañar fotocopia do seu DNI.

No momento da inscrición deberase indicar o número de compoñentes e o lema para a identificación.

As persoas menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal.

SEGUNDA: Haberá catro modalidades repartidas en adulto (individual e grupal) e infantil (individual e grupal):

- Grupo adulto: Considéranse grupos un conxunto de 2 ou máis compoñentes adultos representando un mesmo motivo.
- Individual adulto: Nesta modalidade poderán participar persoas de 13 anos en diante. A mesma persoa non poderá participar en máis dunha categoría.
- Individual infantil: Nesta modalidade poderán participar nenos e nenas con idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos, ambos inclusive.
- Grupo infantil: Nesta modalidade poderán participar nenos e nenas, 2 ou máis, con idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos, ambos inclusive.

TERCEIRA: Os premios establecidos polo Departamento de Cultura son:

Grupo adulto:

- 1º Premio: Unha cesta grande con produtos típicos do Entroido
- 2º Premio: Unha cesta pequena con produtos típicos do Entroido

Individual adulto:

- 1º Premio: Unha cesta grande con produtos típicos do Entroido
- 2º Premio: Unha cesta pequena con produtos típicos do Entroido

Individual infantil:

- Un conto

Grupo infantil:

- Un conto para cada participante do grupo

CUARTA: A cualificación das distintas modalidades será determinada polo xurado do concurso, que estará composto polas seguintes persoas:

1.- María Jesús Rivas Moscoso

Suplente: Nicolás Castro Seoane

2.- María Carmen Pulleiro Guerreiro

Suplente: Antonio Pazo Vázquez

3.- Cristina Tato Míguez

Suplente: Teresa Mato Martínez.

QUINTA: Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará en cada unha das categorías a orixinalidade do vestiario, o traballo feito a man e o emprego de materiais de refugallo, a maquillaxe e a simpatía á hora de involucrar ao público.

SEXTA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do concurso, unha vez feita a avaliación polo Xurado.

SÉTIMA: Os grupos e persoas participantes deberán, previa inscrición feita de acordo coa base 1ª, presentarse no Pavillón Polideportivo de Arcediago como mínimo media hora antes do comezo do concurso.

Os participantes que precisen de música deberano facer saber á organización e traela en formato pen drive ou CD aptos para a súa reprodución; as actuacións non durarán máis de 5 minutos.

OITAVA: A orde de saída no desfile será coincidente coa orde de inscrición nas diferentes modalidades.

NOVENA: O acto é aberto ao público polo que se poderán achegar todas aquelas persoas que así o desexen, máis para poder participar no concurso **débese estar empadroadado en Santiso**, xa que esta é unha actividade dirixida principalmente aos veciños e veciñas de Santiso co fin de fomentar a súa participación nos eventos organizados polo concello.

DÉCIMA: A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelable, podendo declarar desertos aqueles premios, en calquera das modalidades, que non cumpran cos requisitos mínimos de calidade.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Organiza Concello de Santiso. Concellaría de Cultura





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

CONCURSO DE DISFRACES 2018



DOMINGO 11 DE FEBREIRO DE 2018, A PARTIR DAS 17 HORAS

DATOS DO/A REPRESENTANTE:

Nome:

N.I.F.: _____

Enderezo: _____

Teléfono-s: _____

Correo-s Electrónico-s:

CARACTERÍSTICAS DOS PARTICIPANTES

⇅ ADULTOS ⇅ INDIVIDUAL ⇅ GRUPO

⇅ INFANTIL ⇅ INDIVIDUAL ⇅ GRUPO

Nome do disfraz _____

Nº compoñentes: _____ Lugar de procedencia _____

O/a que asina é coñecedor-a e acepta as Bases que rexen este concurso de disfraces de Entroido do Concello de Santiso.

En Santiso a _____ de _____ de 2018.

Asinado: